



Misión, Visión e Valores do CIFP

A Rede de Centros Integrados de Formación Profesional (CIFP) de Galicia, ten unha implicación e un compromiso claro coa calidade, como se retrata na nosa Misión, Visión e Valores.

Misión

Descríbese nos seguintes puntos:

- Establecer unha oferta de **formación profesional modular, flexible, de calidade** e adaptada ás demandas da poboación e ás necesidades xeradas polo mundo produtivo, proporcionando servizos para a cualificación e a recualificación das persoas ao longo da vida.
- Participar no procedemento para o recoñecemento, a avaliación e a **acreditación de competencias profesionais** adquiridas polas persoas a través da experiencia laboral e de vías non formais de formación no marco do Sistema Nacional das Cualificacións e da Formación Profesional.
- Prestar servizos de **información e de orientación profesional** ás persoas para tomar as decisións máis axeitadas respecto da súa carreira profesional .
- Establecer un espazo de cooperación entre o sistema de formación profesional e o **ámbito produtivo sectorial** e local, para desenvolver e estender unha cultura da formación permanente.
- Fomentar a **igualdade** real e efectiva entre mulleres e homes, con especial incidencia na erradicación de prexuízos.
- Facilitar o **acceso da mocidade ao primeiro emprego**, así como a conservación e mellora do posto de traballo dos traballadores e das traballadoras, mediante unha oferta formativa de calidade que promova a **aprendizaxe permanente** e a capacidade de adaptación aos cambios sociais, organizativos e tecnolóxicos.
- Impulsar e mellorar as aptitudes e as competencias do alumnado, promovendo proxectos de **iniciativa emprendedora**, mobilidade, perfeccionamento profesional e cooperación, nun **contexto internacional**.

Visión

Como Centros Integrados de Formación Profesional proporcionaremos unha **formación integral** ao noso alumnado que lle facilite a participación activa e responsable como cidadáns, polo que ofreceremos unha oferta formativa completa e de calidade que conduza á **obtención de títulos de formación profesional e á acreditación das competencias** profesionais adquiridas a través da experiencia laboral, atendendo as necesidades que demande o mercado laboral e consolidando vínculos con todas as empresas do contorno.



Valores

Orientamos as nosas accións para:

- Fomentar valores de **convivencia, cooperación e respecto**.
- Ofrecer uns servizos educativos de **calidade**.
- Mellorar continuamente a calidade dos servizos prestados, a través da innovación e o **traballo en equipo**, para crear valor aos nosos usuarios mediante un sistema de calidade total co compromiso de cumprir cos requisitos do sistema e de mellorar continuamente a súa eficacia.
- Lograr a **satisfacción da comunidade buscando** atender as súas necesidades e adiantándonos ás súas expectativas, observando o cumprimento da misión, visión e valores da institución.
- Ofrecer as **cualificacións profesionais** requiridas para dar resposta ás necesidades e demandas do noso ámbito socioeconómico.
- Optimizar os recursos públicos dispoñibles, fundamentados nas tecnoloxías da información e da comunicación, para reproducir procesos sustentables, cun profesorado formado tanto na didáctica coma nas **innovacións tecnolóxicas**.
- Fomentar o **espírito emprendedor** e o desenvolvemento de actividades empresariais.
- Contribuír ao logro das actuacións e os obxectivos de calidade establecidos no **Plan estratéxico da Consellería** de Educación e Ordenación Universitaria.
- Desenvolver **vínculos co sistema produtivo do contorno** (sectorial, comarcal ou local) nos ámbitos seguintes:
 - Formación do persoal docente de formación profesional.
 - Formación do alumnado en centros de traballo e realización doutras prácticas profesionais.
 - Orientación profesional.
 - Participación de profesionais do sistema produtivo na impartición de docencia.
 - Colaboración na detección de necesidades de formación permanente dos traballadores e das traballadoras, así como na información e orientación das persoas usuarias, tanto a título individual como colectivamente.